

Xosé Luís Groveiro González, concelleiro do Grupo Municipal do BNG neste Concello presenta a seguinte SOLICITUDE diante do Pleno da Corporación Munbicipal en relación co cumprimento dunha moción aprobada, no Pleno de 26 de febreiro de 2007, a respecto do transporte público ao Vilar por Gude.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Pleno do Concello celebrado o 26 de Febreiro de 2007 aprobouse por unanimidade unha moción presentada polo BNG na que o Goberno Municipal se comprometía a realizar *“as xestións oportunas para establecer á maior brevidade posible unha liña de transporte que enlace o núcleo urbano de Ribeira cos lugares de Gude e Vilar e cun número de servizos en función da demanda e das necesidades da poboación”*

Na exposición de motivos da devandita moción xa se aludía á importancia para os veciños e veciñas residentes, así como dos moitos visitantes que se achegan ó Parque Natural, de dispoñer deste servizo de transporte. As máis de 400 sinaturas que acompañaban a nosa petición así o confirmaban.

O 27 de xullo de 2007, o BNG volveu a insistir diante o Goberno municipal para dar cumprimento a este acordo plenario. Agora, ano e medio despois de ter tomado o acordo, o Goberno Municipal segue sen darlle cumprimento, cousa para os veciños e veciñas incomprensible dada a escasa cuantía económica dun servizo para o que, ademais, as Xunta de Galiza ten establecido liñas de financiamento que o Goberno Municipal podería aproveitar.

Por estas razóns o Grupo Municipal do BNG,

### SOLICITA:

Que o Goberno Municipal dea cumprimento á moción aprobada no Pleno de 26 de febreiro para establecer unha liña de transporte que enlace o núcleo urbano de Ribeira co Vilar por Gude.

Ribeira, 15 de xullo de 2008



Asdo.: Xosé Luís Groveiro González

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA**